

ADULTOS




XABIER QUIROGA
O baile dos estorniños. Ed. Xerais.

Historia dunha familia fidalga e todo o que os rodea (a vida dos criados, labregos, veciños), a persecución das partidas de fuxidos, o roubo de bebés, a represión franquista da posguerra.. Na Ribeira Sacra (Pazo de Tor, mosteiro das Bernardas, o pantano de Bouzuás, o lugar de Albaredo,..)

ALMUDENA GRANDES.
Las tres bodas de Manolita.
Ed. Tusquets

Anos inmediatos á posguerra, anos de pobreza e desolación. Unha rapaza "comigo non contedes", chea de coraxe e valentía. Unha rede de solidariedade.



MANUEL GAGO. **Nus.** Ed. Xerais

Un retrato irónico e irreverente da contraditoria Galicia de comezos da década de 1980 a través das aventuras sexuais dun crápula tan cínico como tenro, Toño Figueroa

ROSA ANEIROS. **Sibila.** Ed. Xerais
Sibila irá descubriendo o salvaxe que nela habita: as tensións lacerantes entre quen é e de quen vén sendo; entre un pasado que estoura e un futuro que a aboca ao abismo; entre a ansia da mente e a vontade voraz do corpo. Nada é o que parece. Ou si. Talvez sexa exactamente o que parece, o que ninguén quere ver.




PARA VER

Babel. De Alejandro González Iñárritu. 2006

Tres rapaces marroquinos saen na busca do rabaño de cabras da familia. No silencio do deserto deciden probar o rifle que levan, sen coñecer o alcance da bala...Unha invitación a pasar do parloteo da civilización moderna e empezar a escoitarnos uns ós outros...




NÁUFRAGO. A historia do Robinson moderno. Unha historia de supervivencia e de esperanza. Unha análise da soidade do home fronte á natureza. Unha reflexión sobre o mundo material e a comodidade na que se basea a sociedade dos países desenvolvidos..




Nieva en Benidorm.
De Isabel Coixet

Peter, home solitario, maniático e metódico, obsesionado polos fenómenos meteorolóxicos. Coa xubilación anticipada na man, decide visitar ó seu irmán Daniel, que vive en Benidorm.




Corpus Christi.
De Jan Komasa

Narra a historia de Daniel, que experimenta una transformación espiritual mentras vive en un Centro de Detención Juvenil. Quiere ser sacerdote, pero esto es imposible debido a sus antecedentes penales. Enviado a traballar a un taller de carpintería en una pequena



localidad, faise pasar por sacerdote e encárgase da parroquia local.

NADAL 2021




1º Premio concurso de Postais 2021
Naiara Fernández Conde (3º ESO B)



O Equipo de Biblioteca do IES de Monterroso deséxavos a todas/os
UN NADAL DE FELICES LECTURAS

PRIMEIRO CICLO ESO




Jean-Yves FERRI-Didier CONRAD
Astérix e o Grifón. Ed. Xerais

Unha nova aventura de Asterix e Obelix.


DARÍO XOHAN CABANA.
As viaxes do príncipe azul.
Ed. Galaxia.



Ás veces un non ten ganas de ser o que é. Neste caso trátase dun príncipe farto de ser príncipe pero con ganas de andar entre libros, conversar comodamente e ir pasando o tempo. Os pais están horrorizados, así que o mandan polo mundo adiante a facer méritos para ser príncipe, entre fadas, dragóns e princesas..



JORDI SIERRA I FABRA,
La venganza de la profsora de lengua. Ed. Anaya
Gertru, "a G.E.O.", a profe de Lengua, está moi descontenta cos alumnos de 3ºB. Ante una aposta cos compañeiros, que perderá o profe que máis alumnos suspenda, decide que todos teñen que aprobar, pero para eso Terán que superar unas arriscadas pobras



RAMÓN CARIDE


As músicas viaxeiras. Ed. Xerais

En tempos remotos, as princesas vivían fechadas en torres agardando a chegada de príncipes con sangue azul. As pandeireteiras tiñan que buscar a vida polos camiños.. Esta é unha historia que fala de princesas rebeldes e de músicas ventureiras, que nos lembra que non todos os contos son exactamente como nolos contaban.

SEGUNDO CICLO ESO


MARCOS CALVEIRO. **Todos fomos**
Ed. Xerais.

Seis anos despois da súa desaparición, Natalia aparece espida e viva nunha praia de Teis. Comeza unha carreira contra reloxo para descubrir o acontecido durante ese tempo. Mentres, os medios de comunicación sensacionalistas entorpecen a investigación e a resolución do caso



XOSÉ L. VÁZQUEZ SOMOZA.
O conserxe. Ed. Xerais
A vida do IES vese alterada: Aparece o cadáver de Iria García, unha alumna de 1º de Bacharelato, colgado no aro dunha canastra. As investigacións policiais conclúen cun informe de posible suicidio. O conserxe, noo o cre así e, en dúas semanas de excitantes pescudas, trata de esclarecer as circunstancias da súa morte.

YUVAL NOAH HARARI
Sapiens. El nacimiento de la humanidad. Ed. Debate
Brillante e provocador relato gráfico de cómo un simio insignificante conseguiu impoñerse na loita pola supervivencia e foi capaz de dominar o planeta Tierra, dividir o átomo, chegar á Lúa e manipular o código xenético.




amor e toques humorísticos nunha historia que viaxa polo Camiño de Santiago.

ÁNXELA LOUREIRO.
Camiño perigoso. Ed. Xerais

Tempos das revoltas irmandiñas.. A protagonista, xente do común, decátase da inxusta realidade e emprende un arriscado percorrido na procura da liberdade dos seus seres queridos e mergúllase nunha apaixonante aventura. A narración mestura acción, drama,


BACHARELATO E CICLOS



DARÍO XOHAN CABANA
Galván en Saor
Ed. Xerais

O señor Galván, príncipe das terras do norte, compañeiro de Artur nos reinos da Bretaña, viaxa máis alá da xeografía e do tempo e, aparece entre nós Novela de humor e de amor, de aventuras e de tenrura, homenaxe ós antigos mestres da narrativa cabaleiresca

XESÚS FRAGA
Virtudes (e misterios). Ed. Galaxia
Relato das vicisitudes dunha familia das Mariñas coruñesas marcada pola emigración a Londres, historia que tamén é a da segunda metade do século XX É, tamén, a historia dun neto asombrado e dunha avoa poderosa.



MARÍA MARCO.
Coidadora. Ed. Xerais
Novela Premio Xerais 2020, que aborda un tema de actualidade: o das coidadoras. Dialogando cos problemas da sociedade actual, fainos partícipes da tensión e da angustia que provocan as tarefas dos coidados a persoas dependentes



CECILIA F. SANTOMÉ
Unha rapaza de provincias
Ed. Xerais

1979. Carrexando unha maleta cargada de entusiasmo, Carmen chega a unha Barcelona vibrante, moderna e chea de contrastes para pasar o verán. Coa súa irmá Pilar e o seu cuñado Gabino como guías, descubrirá os paseos polas Ramblas, os almozos no ultramarinos do barrio, as expedicións ao SEPU, as tardes dos sábados no parque. Dunha punta a outra da cidade, daranlle a coñecer aquela sociedade libre,



diversa, laboriosa, sacrificada. Abafante. Unha sociedade nos antípodas da súa aldea, tan pequena, tan pechada. Mais non todo en Barcelona é de cor de rosa. Carmen comprobarao cando busque colocación como criada nos barrios altos, para sacar uns cartiños mentres non regresa á casa. Ao servizo de señoras adiñeiradas, cociñará, fregará, escoitará moito e calará aínda máis. Aprenderá a adaptarse ao medio e a baixar a cabeza. No fin de contas, ela só está de paso. En «Unha rapaza de provincias» Cecilia F. Santomé recrea a Barcelona da Transición e réndelle tributo a esa emigración galega -interior, en feminino- pouco explorada e a miúdo eclipsada polas grandes epopeas transoceánicas.